

Pioneer*

2 | **rDL**
Galicia Hoxe 04/12/03





Volve a fotografía retorna a memoria

Xosé Enrique Acuña

Volven as fotografías. As decimonónicas, as primixenias e pioneiras, as fundacionais. Chegou a fotografía a Galiza no momento elixido pola nosa sociedade para que arribase, en tempo de invencións, con anceios de comercio e espello. Á altura de 1843 Henrique Luard, ourive e gravador suízo residente na Coruña, deu a coñecer as súas experiencias herculinas co daguerrotipo. O Boletín Oficial da Provincia dá boa conta en clave dun anuncio comercial que lle concede abeiro oficial a unha experiencia novidosa. A que ao pouco, espalla por outras cidades do país. De tal xeito, Pontevedra e os baixos do Colexio da Compañía coñecerán dos daguerrotipos de Luard. As seguintes décadas, a dos corenta e a dos cincuenta, van ser marcadas pola actuación de cultivadores de procedementos daguerrotipistas e de fotógrafos seguidores do ambrotipo. Técnicas distintas e validadas en distinta orixe para abrir camiños de recepción social a un novo xeito de retratar. Tamén de plasmar a natureza nun momento no que a pintura era dominante nos gustos das elites cidadás.

Días aqueles de miniaturistas ao natural que temeron da nova invención o fin dos seus días. Moitos artistas de cabalete e lenzo decidiron trocar os seus trebellos pola química e a óptica e abrazar a novidade técnica e artística da fotografía. É o momento da apertura dos primeiros gabinetes fotográficos e da aparición da figura irrepitible de Andrés Cisneros. Un fotógrafo compostelán que sobresaí desde 1856. Vai ser cando abra ao público un gabinete na súa cidade natal e participe da primeira mostra de artes e oficios que se ensaia en Galiza. O seu álbum de fotos presente na Exposición Regional de 1858 convértese nunha virtual presentación da fotografía a par das belas artes homologadas. Ensina o camiño a outros nomes de clara orixe estranxeira como Ricaud, Graudin ou Carlos Spartacus que contribuíron decisivamente ao recoñecemento público da fotografía actuando ambulante polas capitais galegas retratando un público solemne e inmensamente rico aínda.

A obra destes precusores, compartida en oficio en moitos casos coa pintura, axudouse do talbotipo para situar a fotografía como marca de clase. Un elitista ben de consumo entre os estamentos máis privilexiados. A milicia e o clero comparten posibilidades económicas de modelala e utilízala, xunto aos propietarios dos pazos, rendistas e banqueiros emerxentes.

Da man dunha novidosa e activa xeración de retratistas, a maior parte deles tamén procedentes doutros países, as máis das veces en ambulancia, pasará a ocupar o seu lugar. Queren levar á práctica as conquistas técnicas que, comezada a década do sesenta, arriban a Galicia. É o lugar para apelidos sonoros e alleos como os de Louis Ésellier, Avrión, Joaquín Albertino, Encausse ou Ulysse Ferrant. Salientan entre unha nómina artística entre a que igualmente destacan o compostelán Juan Palmeiro, o vigués España Peñaranda, ou Bordoy, Manuel Antonio Vales, Gervasio Alonso Montenegro e Carlos García.

Serán eles os máis significativos cultivadores do retrato e un exemplo de como o incesante proceso de desenvolvemento que viviu a fotografía en Galicia. Un momento histórico que coincide coa xeración precursora de Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Teodosio Vesteiro, Aurelio Aguirre ou Eduardo Pondal. Todos eles retratados nos pioneiros gabinetes entre 1860 e 1870. María Carderelly retratou a Rosalía, Mariano Bordoy a Eduardo Pondal e Curros Enríquez posou para Pedro Varela.

Décadas as citadas propias da popularización das chamadas "cartes de visite" que significaron unha nidia consolidación dos estudos decimonónicos que se verá incrementada coa actuación de novos artistas como Lalongue, J. Guiard, Eliseo Segond, Teijeiro e Dionisio Larraya. Ou a saga familiar encabezada polo pintor Ramón Buch, actuante, na práctica, en todas as cidades galegas. Nos anos setenta a fotografía está presente en todas as poboacións e razóns comerciais representadas por firmas como as de Eugenio Mora, Pedro Varela, Bocconi, Bergua, Saavedra ou Almejún e denominacións como 'Fotografía Italiana', 'Quincallería Fotográfica', 'La Catalana', 'Fotografía Vascongada', pasan a formar parte das coleccións das máis sobranceiras familias.

As mulleres fotógrafas fan tamén a súa aparición. Como María Carderelly, Antonia Santos, Candida Otero, esta ligada a Felipe Prosperi, ou Filomena Díaz participaron desta expansión social que achegaba, ano a ano a novos sectores da cidadanía aos estudos.

Desvélase ao tempo as aplicacións científicas de man do naturalista Víctor López Seoane, autor de tratados de zooloxía para quen el mesmo realizaba as fotografías e a descuberta da paisaxe galega e súa riqueza monumental. Valentín Mendía deu mostra dunha anticipación na toma de vistas levadas a álbums que se convertían en obxecto de coleccionismo. Foi tamén o a ocasión de coñecer e aplicar modas e opcións xa desenvoltas en países de longa tradición artística e museística. As que en 1866 achegaron a Santiago ao británico Charles Thurston Thompson para fotografar o Pórtico da Gloria e a riqueza da pedra labrada de Compostela.




Viaxes nas que a fotografía acadou un protagonismo sinalado xusto o que leva ao monxe tudense Santos Salvado a retratar en 1875 os aborixes de Australia por encargo do seu irmán frei Rosendo Salvado. Artistas como Pedro Varela –unha das figuras máis atractivas e sobranceiras–, Felipe Prospero –antes actor de teatro– e, principalmente, Francisco Zagala e Manuel Chicharro –os dous compartindo o seu oficio fotográfico coa actividade política– foron quen de comprender novas mensaxes e apostaron, desde os primeiros anos da década dos oitenta, polo cultivo dunha fotografía agora atenta a unha sociedade que estaba a ensaiar canles de democratización aos que a fotografía, desde o abaratamento de custos e a atención a novos métodos de comercio e impresión, tentaba dar e ofrecer respostas. Por Zagala e Chicharro coñeceremos os primeiros libros de fotografía entre 1883 e 1884.

As primeiras publicacións galegas con presenza de gravados fotográficos e a consolidación dos fotógrafos como expositores nos máis que innovadores certames e mostras de artes e oficios que se celebraron con acreditado éxito nas principais cidades son marca da década dos setenta. Á altura de 1885 as máis importantes poboacións galegas ofrecían unha variada oferta de artistas fotógrafos que, como no caso de Caeveiro, Ferreiro y Bello, Xesús Varela, Estoup, Prieto, Novua ou José Sellier, foi quen de introducir novos formatos de retrato e facer medrar os hábitos de consumo logo de abrir os seus gabinetes a capas sociais ben distintas das elites urbanas ou pacegas que, ata ese intre, eran as principais consumidoras de fotografía.

Na derradeira década do XIX van xurdir numerosas novidades técnicas que abaratan e estenden o cultivo profesional da fotografía. Un proceso de evolución tecnolóxica que permitirá en boa medida a aparición da figura do afeccionado artístico, a mellora dos métodos de fotograbado favorecedora da instalación de obradoiros de impresión en Galicia. Consecuentemente, levou engadida a aparición inmediata de revistas ilustradas de bagaxe modernista como a pontevedresa 'Galicia Moderna', ou as primeiras e exitosas edicións de cartas postais á altura de 1898. Todo este proceso anovador propiciou a aparición dun cultivo afeccionado da fotografía. Homes dotados dunha acreditada posición económica e social como Salvador Castro Freire, José Limia, Eleizegui, Otero Acevedo, Reboredo ou Víctor López Rioboó, configurados todos eles, como sinalados representantes da fotografía afeccionada fineseccular. Todos estenderon a súa obra cara ao século XX ata enlazar coa imponente traxectoria fotográfica de Pedro Ferrer. Compartiron xeración e intercambiaron saberes e oficio cos epígonos daqueles dos mestres históricos do retrato. Juan Caramés, Julián López Sardiña, Adolfo Vázquez, José Pacheco, Pascual Rey ou artistas como o pontevedrés Joaquín Pintos e os composteláns Guerra e Ernesto Carrero que nos deixaron entre aberta a porta da memoria. A fotografía podería estar cumprindo estes mesmos días douscentos anos. Á altura de 1800 estaban creados os elementos precisos para facela aparecer. Pero foi a sociedade que dictou as normas e a ocasión para que a súa invención e presenza pública fora posible en tempo e modo. Os procesos tecnolóxicos e a vantaxe de homes como William Henry Fox Talbot, Hippolyte Bayard, Nicéphore Niépce e Louis Jacques M. J. M. Daguerre conseguen que entre 1816 e 1839 se viñeran realizando as probas necesarias para que a fotografía lograra a súa presentación e consoli-

ción social. Galiza chegou serodidamente á fotografía mais posue un patrimonio fotográfico propio dun país que no século XIX, malia demandalo, non tiña co seu dispor un aparato administrativo de seu. Entre 1843 e 1900 non se deron os pasos políticos que permitiran crear gabinetes de estampas, museos, nin escolas de belas artes. A mensaxe artística que nos trasladarían de seguro os nosos fotógrafos ía ser ben distinta. Con todo, a memoria trasladada polas súas imaxes, desde os seus retratos é a nosa memoria é unha asignatura pendente do noso renacer cultural era salvagardala e desfrutala.

O editor e xornalista Xosé Enrique Acuña é comisario da mostra 'Fotografía en Galicia no século XIX'



Fotos da páxina 2 (de arriba a abaixo): 'Carlistas presos en Cabana da Vella', Mondoledo, (1872) por Antonia Santos. 'Clase de clinica', Compostela (1898) atribuída a Eleizegui. 'Rondalla estudiantina', Francisco Prieto (1892). Na pág. 3: 'No Balneario do Carballeiro' por José Pacheco (1900). Na páxina 4 (de arriba a abaixo): 'Retrato de Eduardo Pondal' por Luis Sellier (ca. 1875) e 'O Merlo' por Otero Acevedo (1899). Páxina 5: 'Home nunha fiestra' por Lanelongue (ca. 1870)


6 | **rDL**
Galicia Hoxe 04/12/03





Á altura do 1800 estaban creados os elementos precisos para o nacemento da fotografía. E foi a sociedade quen dicou as normas e ocasión para que a súa invención e presenza pública fora posible en tempo e modo. Das fotos que forman parte da mostra 'Fotografía en Galicia no século XIX', comisariada por Enrique Acuña reproduce a RDL algunhas das máis destacadas da época. As fotos da páxina 6, arriba, corresponde ó 'Claustro de San Mariño Pinario' en Compostela por Andrés Cisneros (1858). Abaixo á esquerda, 'Nenos na porta do convento de Poio por Francisco Zagala (ca.1890) e á dereita 'Arco do triunfo en Compostela por Andrés Cisneros (1858). Na páxina 7 (dende arriba e de esquerda a dereita): 'Ciclista Cordero' por Pedro Varela (ca.1895); A fotógrafa María Carderelly en foto anónima (ca.1895). 'Retrato de Emilia Pardo Bazán' por Eugenio Lanelongue (ca.1870) e 'Retrato de Masón' por Felipe Prosperi (ca.1895). A fotografía da páxina 8 é de Juan Caramés: 'Javier Pintos e un negriño' (1895).





Outras alternativas





Se como afirma Umberto Eco unha obra de arte, suposta forma acabada ou pechada dun xeito calibrado, se mantén aberta sen perder a súa singularidade ó ser reinterpretada de mil xeitos diferentes, cobrará sentido a operación de apropiacións de imaxes e textos que Joana Pimentel (Porto, 1971) vén usando desde hai tempo. Nas imaxes: *Le Fleurs du mal*, (2003). Cada observación funciona a modo de nova interpretación, de nova perspectiva, de camiño inexplorado. O pechado, para Eco, agocha novos xestos, xa funcionan como aberturas ou novos pechamentos. O autor e posteriormente o espectador xeran as súas propias conclusións: "Unha obra de arte é un obxecto producido por un autor que organiza unha rede de efectos comunicativos dun xeito que en que cada posible contemplador poida reentender a propia obra, e a súa forma imaxinada polo autor". Así Joana Pimentel le e interpreta distintos artistas cultivando o seu propio tempo e espacio. Facíao cando se transportaba sobre espazos nos que nunca estivera –habitacións de deseño propio dos setenta decoradas con obras de artistas como Man Ray ou Marcel Duchamp– e faíno nas súas Obras Abertas –onde se sitúa es-pida fronte a inmensidade do océano– e 'Obras Fechadas' – onde a súa figurase mostra vestida

Por qué falamos de novas alternativas

David Barro



'Panorama 1973 war memorial in Cairo', 2003. Sancho Silva

Se trazamos unha viaxe no tempo para tratar de debuxar un contexto da arte última portuguesa, entendo que resulta preciso partir do ámbito cronolóxico no que se desenvolveu 'Circa 1968', exposición inaugural do museo máis representativo do país: o Museo Serralves de Porto. Esta abarcaba desde 1965 a 1975, espazo temporal que xa amparou importantes exposicións da actual década. O título conleva o risco de ser relacionado coa primavera de Praga, o maio de París ou a guerra do Vietnam, pero non era esa a acepción pretendida e si a demolición dunhas barreiras que delimitaban a aceptación ou consideración do concepto 'arte' e, nese sentido, a caída de dictaduras como a pictórica ou a escultórica.

Falamos, en definitiva, dun salto lingüístico cara ó multidireccional, cara ó desenvolvemento simultáneo de movementos como a arte povera, o Land Art, a pintura neo-expresionista, o body-art ou a arte conceptual, é dicir, a ausencia de límites, a imaxinación. En Portugal a información sobre a produción artística internacional era mínima, e escasos eran os libros ou exposicións que favorecían un contacto directo. Advertimos, por tanto, certo desfasamento temporal respecto ó desenvolvemento artístico internacional. Sen embargo iso non significa que existise unha ausencia de artistas que seguían un ritmo paralelo ás innovacións do momento, como Lourdes Castro, Ana Vieira, António Areal, pero sobre todo, Alberto Carneiro e Helena Almeida; se ben os nomes máis prestixiosos do momento correspondían cos de Paula Rego, Vieira da Silva o Júlio Pomar.

Na década dos setenta en Portugal pódese falar de certa continuidade. A Revolución do 25 de Abril de 1974 fráguese cun medio artístico xa activo e con afán de internacionalización, aínda que é certo que moitos traballos non se presentaron publicamente a causa da censura. O que si se pode apreciar ao ollar para atrás, a ese momento de festa pacifista que supuxo o 25 de abril, é unha vontade de grupo, de crear de maneira colectiva de asociación. Proba diso é o grande panel do 10

de xuño pintado por corenta e oito artistas, tantos como anos de dictadura; unha obra confusa produto do seu carácter fragmentario aínda que significativa desa vontade de conxunto. Mais, polo demais, a Revolución de Abril non supuxo un xiro radical nin unha rápida mudanza de situación, xa que os primeiros anos da década xa son dunha actividade intensa.

A victoria fronte ó académico e conservador en termos artísticos é máis un produto do tempo, e ese relevo foino tomando unha xeración anterior, moitos deles con bolsas da Fundação Gulbenkian, que regresan a Portugal, iso si, con posterioridade ao 1974.

Aínda que nesta época asomaron intencións de crear museos de arte contempo-

llido –Outras alternativas. Novas experiencias visuais en Portugal–, atende a un obrigado recoñecemento sobre o acerto que supuxo en Portugal unha mostra como Alternativa Zero, verdadeiro punto de inflexión que soubo redefinir a situación artística do país luso. Esta mostra, como sinalaba liñas atrás, foi impulsada por un polifacético Ernesto de Sousa (1921-88) que, consciente do atraso de Portugal respecto das discusións artísticas que preocupaban no contexto internacional –como o fin das vangardas, a desmaterialización da arte, a quebra das fronteiras entre os xéneros artísticos e o uso de novos soportes–, reuniu case cincuenta artistas que tomaban un posicionamento conceptualista augurador dunha nova realidade. Er-



De 'Hipólito', (2003). Videoinstalación de Vasco Araújo

rânea, isto tería que esperar moito tempo, se ben se afortalou o ensino e se melloraron as condicións de profesionalización, tanto de artistas como de teóricos. Así, xorden novas xeracións de críticos como Rui Mario Gonçalves, Fernando Pernes, Rocha da Sousa o Ernesto de Sousa, que foi o comisario da exposición 'Alternativa Zero', celebrada en febreiro de 1977 na Galería Nacional de Arte Moderna de Lisboa, que sería a exposición máis importante e recordada das celebradas agora, unha exposición-manifesto que pretendía redefinir a situación portuguesa e actuar como balance dos avances conseguidos desde finais dos setenta; por iso moitas obras xa foran vistas. Foi así como comezou a consolidarse en Portugal o paradigma vangardista, curiosamente cando no contexto internacional se volvía ata o pintado e tradicional.

Enténdese polo tanto que o título esco-

nesto de Sousa defendía un concepto de obra aberta onde o espectador cobra un papel activo; tamén unha redefinición do estatuto do artista. Había que comezar de cero, era preciso partir para outra cousa, liberarse. Xa inmersos nos oitenta, vemos cómo non emerxen novas tendencias ou correntes específicas da década mais si un conxunto de artistas de forte personalidade individual que, en compañía de novos galeristas e críticos, conseguirán ter unha presenza firme e dinámica na cultura do momento.

Algúns como Julião Sarmento ou Albuquerque Mendes, que xa asomaran na década anterior, e outros como Pedro Calapez, Pedro Cabrita Reis, Rui Sanches, José Pedro Croft, Jorge Molder, Gerardo Burmester, Manuel Rosa, Pedro Proença ou Rui Chafes, que se ben algún deles chega a expor na década pasada, só cobrarán forza nos oitenta.

Mentres, nos noventa, todo parece indicar que foi a mostra *Imagens para os anos 90*, celebrada na Fundación de Serralves en 1993, a que facilitou un novo paradigma que xa ameazaba con entrar. Carlos Vidal, Paulo Mendes, João Louro, Fernando Brito, João Tabarra, Miguel Palma, Daniel Blaufuks, Manuel Valente Alves, Rui Serra, Baltazar Torres, António Olaio, Fernando José Pereira ou Luis Palma, son algúns dos nomes que participaron nesa exposición. Os seus traballos gañaron paulatinamente visibilidade nacional, nunha década artística dividida nunha primeira metade de marcado carácter político e unha segunda máis acorde cunha nova investigación tecnolóxica. Os primeiros asumen unha profunda resposta aos desenvolvementos artísticos consolidados desde os oitenta, aínda obstaculizados polo desfasamento respecto ao internacional e cunhas limitacións conceptuais, salvo casos excepcionais de valores altamente individuais, produto desa información limitada. Máis activistas acabaron por se rebelar contra o contorno crítico portugués, e fixérono, en ocasións, dunha maneira abertamente explícita, como cando se apoiaron nun polémico e agresivo texto titulado *Oito Novos Fora* que alzaba a voz fronte ao que consideraban un sistema fechado. Hoxe, a actitude destes continúa facendo alarde dunha insatisfacción crítica, aínda que se reconece outro tipo de madurez que os conduce a seguir unha estratexia máis cínica e menos obvia. Tal vez, a precoz consolidación da maioría dos protagonistas de 'Outras alternativas'.

Novas experiencias visuais en Portugal, pode deberse a que o corte estético coa xeración dos primeiros noventa non se dá como tal, senón que obedece a un avance paulatino, nunca drástico. Entre os combativos artistas que emerxen nos noventa, converteráse nunha sorte de desgaste que acabou por lles pasar factura, xa que aínda hoxe non resultan ben vistos por parte do sistema artístico dominante, aínda que se integran neste, gracias á consistencia e rigor das súas obras.

A seca formal e agresividade directa dos seus traballos, contrasta coa espontaneidade dos artistas aquí tratados. E de aí pode deberse que a súa conexión coa crítica e a chegada masiva dos segundos a fundacións e museos sexa tan rápida, diferenciándose da autoxestión de exposicións que aínda hoxe caracteriza a algúns artistas anteriores, e que, en todo caso, chega a tocar con artistas aquí presentes como Rui Toscano ou Alexandre Estrela, tamén ligados a certo inconformismo respecto ao medio portugués. Así, seleccións como as de Rui Toscano, Alexandre Estrela, Noé Sendas ou Miguel Soares poden resultar estrañas –nunca gratuítas– se atendemos a que compartiron moitas exposicións coa chamada primeira xeración dos noventa; a súa elección débese, non obstante, a unha visibilidade omitida nun principio que fai que rexordan como artistas recoñecidos moito máis tarde, mais sobre todo, porque todos se desenvolven coa imaxe dunha forma que anticipa un novo xeito de traballar e de integrarse nun contexto.



De 'A culpa não é minha' (2003). João Pedro Vale


Os artistas aquí seleccionados entenden o medio portugués como pequeno e tentan, por iso, alargar horizontes e traballar en contextos xeográficos diferentes que, non obstante, senten próximos en situacións e inquietudes. Ese interese por confrontar os seus traballos en lugares onde estes deben defenderse por si sós desembocou nunha visibilidade, en moitos casos, paradoxalmente maior que a que gozan moitos dos artistas portugueses que os preceden xeracionalmente, máis centrados en consolidar unhas metas internas dun medio necesitado como o foi o portugués e carentes das posibilidades infraestructurais das que gozan hoxe os artistas emerxentes; noutras palabras: a menos necesidades e obstáculos, máis curto e sinxelo é o camiño.

Algúns dos artistas aquí tratados participaron nunha mostra colectiva celebrada no espacio da Culturgest e comisariada por Pedro Lapa agrupados baixo o epígrafe 'Disseminações' ('Diseminacións'), denominación acertada se rescatarmos o significado etimolóxico que conclúe a razón existencial do termo diseminar, como exercicio de sementar, de ollar un futuro que sinala esta diversidade de posicionamentos como base da nova arte a realizar, unha arte allea a lazos de grupo, plural e menos condicionada. Outros fixérono no Plano XXI, celebrada en Glasgow e comisariada por Paulo Mendes e António Rego, que abrangueu os anos noventa a partir dunha axeitada nómina de artistas: "O proxecto Plano XXI pretende ser unha mostra de arte portuguesa producida ao longo da década dos noventa. Os autores convocados representan unha xeración de novos nomes, estando aínda algúns deles en proceso de afirmación no panorama artístico internacional". En 'Outras alternativas. Novas experiencias visuais en Portugal', non é a nosa intención presentar unha xeración de novos nomes, mais si significar como estes contribúen á vez que son resultado dun contexto, dunha serie de conquistas.

Neste sentido, esta especie de diáspora expositiva rescata actitudes que abordan a realidade cotiá desde diferentes posturas afastadas de forzadas coincidencias estéticas e cun marcado carácter fragmentario. Por todo isto, falamos de universos propios, de discursos actualizados alleos a discusións e debates pasados. Moitos dos propios artistas seleccionados gozan dunha dobre residencia, nun país estranxeiro e en Portugal; por iso queremos facer fincapé neste feito que, se ben non implica a perda dunha identidade común, si consegue que esta se propague e contamine, enriquecendo e completando definitivamente as súas creacións.

O que se propón non é unha ruptura dentro do contexto dos noventa, tampouco é a intención de falar de grupo ou colectivo, en todo o caso, de xeración dispersa, diseminada, ou mellor, de xeración sen xeración como sinala João Fernandes nestas mesmas páxinas. Conscientes deste 'pecado' de selección e visión historicista, convén aclarar que en ningún caso nos referimos a un 'antes' e un 'despois', nin a unha unidade compacta que marque a 'tradicón de ruptura' que definía Octavio Paz, senón dunha serie de avances –non necesariamente produto dunha linealidade– que presentan un conxunto de artistas que, pouco a pouco, cobran maior visibilidade.

David Barro é comisario de 'Outras Alternativas. Novas experiencias visuais en Portugal'



'Times Zones', 2003. Videoinstalación de animación. Miguel Soares




rdl | 7
Galicia Hoxe 11/12/03



Na imaxe superior, 'Masturbações', 2003 de Pedro Gomes (Mozambique, 1972): Gomes usa distintos elementos que substitúen a pintura, coqueteando co efémero e precario para achegarse ó máis cotián e banal. Figuras masculinas de corpo enteiro construídas con po sintético xerado pola propia casa, representan momentos pornográficos que coinciden co xesto obscuro da masturbación. Desenvolvéndose con naturalidade a partir dos máis diversos soportes, Noé Sendas (Bruselas, 1972) traballa sobre todo a partir da noción da perda. Na imaxe da esquerda, o seu 'Off', 2003: sempre coa intención de xerar unha situación de conflito, de mirada tensa, entre o espectador e a súa propia obra. Na imaxe da dereita: 'Faraway Friend' (2001) de André Guedes (Lisboa, 1971). Guedes valora a condición temporal propia da performance para xerar obras que xogan co 'tempo real' e co acontecemento nun contexto espacial e temporalmente limitado. Asume así a experiencia do tempo, a submisión ao eventual. Na contraportada e en imaxe superior a instalación 'Never, Never Ever' (2001) de Noé Sendas e 'Amélia', (2000) de Rita Magalhães. Magalhães (Luanda, 1974) propón nas súas fotografías unha viaxe íntima, ó xeito do máis puro interior holandés que, sen embargo, e a pesar da súa aparente intimidade e recollimento, semellan estar nunha estudadísima preparación, como á espera dunha visita.








REMATOUSE DE IMPRENTAR O
CANCIOEIRO DE MONFERO
NOS TALLERES PEON, DE PONTEVEDRA, O DIA
28 DE NADAL DE 1953, SINALADA FESTA QUE
A TODOS, MAIS OU MENOS, TOCA.
ISTA EDICION COMPOSE DE 210 EXEMPRARES
NUMERADOS, OS DEZ PRIMEIROS EN PAPEL DE
FIO ESPECIAL GUARRO E OS RESTANTES EN PAPEL
VERXURADO DA MESMA MARCA.

17

LAUS DEO

Coordinación: A.R. López e Soedade Noia.
Deseño: Signum. Maquetación, Antón Lopo e S. Noia.
Fotografía: Chico Mirás. Correo: mare@galicia-hoxe.com



CINCUENTA ANOS DO
CANCIONEIRO DE MONFERO

Hai un elemento salientable en boa parte das cartas a Xosé María Álvarez Cácamo que hoxe publica Revista das Letras como recordo dos cincuenta anos do ‘Cancioneiro de Monfero’: as peticións que os remitentes lle fan de libros estraños, edicións de difícil acceso ou, mesmo, xustificante de recepción sobre o envío de publicacións que eles enviaban para a venda. E é que Blázquez, entre outros méritos, tiña fama de ser un **hábil rastrexador de exquisiteces editoriais**, profesión case detectivesca que o converteu no axente bibliográfico predilecto da resistencia galeguista, exhausta da estreita sabedoría que impuxo a posguerra. Proba da notable reputación é que, a primeira vista, ninguén se estrañou de que o implacable editor e libreiro localizase, en esquecidos cartafóis, un inédito cancionero con textos da lírica galego-portuguesa nunca antes coñecidos e no que figuraban autores sen representación en anteriores cancioneros. Foi, por parte dos seus contemporáneos, **todo o un tributo de admiración á súa pericia** e, ó mesmo tempo, unha mostra do sentido do humor que Xosé María Álvarez Blázquez conservaba nos avatares da tristísima posguerra. Anque as réplicas

Cúmprese o 50 aniversario
do ‘Cancioneiro de Monfero’

Idade da inocencia

do acontecemento duraron semanas –e pasou incluso á Historia da Literatura galega–, o acontecemento en si durou só un día: o 28 de decembro de 1953. Ne-se día, os persoeiros da res cultural do secuestrado país espertaron convulsionados. O correo trouxéralles un pequeno paquete da Editorial Monterrey e ó abril, descubriran o transcendental achado do ‘Cancioneiro de Monfero’, un manuscrito que a editorial Monterrey de Vigo publicaba ese día en forma de opúsculo e no que Xosé María Álvarez Blázquez lle poñía prólogo co anuncio de publicar, en posteriores entregas, a totalidade dos textos descubertos, todos eles copiados no século XVII por un frade de Monfero. Como coartada concluínte, Blázquez e Lois Viñas Cortegoso –ambos os dous propietarios e editores de Monterrey– reproducían o facsímile do cartafol no que o frade explicaba o seu labor. Nun principio, son moitos os que quedan convencidos do achado. Outros, sospeitan dos tropos e a maioría sae da súa cegueira cando le o colofón da edición, onde se avisaba xa de que o ‘Cancioneiro’ acabara de imprentarse “na sinalada festa que a todos, máis ou menos, toca”.

Sen embargo, **case a totalidade dos intelectuais se viran involucrados nos debates** que xurdiron espontaneamente e –segundo os testemuños da época–

mantivéronse enfevecidas discusións en espacios como o Café Español ou o Instituto de Estudios Gallegos ‘Padre Sarmiento’, lugar este último onde se combatía a naftalina oficial con mensaxes codificadas, reunións secretas e arduas estratexias.

Nin Álvarez Blázquez nin Viñas Cortegoso imaxinaban que as repercusións ían ser tan grandes, de xeito que ante as numerosas chamadas e os comentarios non lles queda máis remedio que desenmascarar, ese mesmo 28 de decembro, a súa inocentada, a máis grande e fabulosa concibida nunca na Cultura galega moderna. **Unha inocentada preparada con todo esmero por Blázquez, que se encargara de confeccionar as cantigas con sabor medieval, amosando o dominio técnico que acadara tras varios anos investigando os cancioneros –entón tan en boga en Galicia– e de militar na forzada continuación do neotrobadorismo, imposto polas limitacións formais e mentais da dictadura. Ó cabo, e xunto a Fermín Bouza-Brey ou Álvaro Cunqueiro, Blázquez sería un dos nomes clásicos deste requintado estilo.**

Con motivo do cincuenta aniversario daquela inocentada, o suplemento **Revista das Letras de GALICIA HOXE publica a correspondencia ocasionada pola brincadeira**, nun monográfico que inclúe a edición facsimilar do Cancioneiro de Monfero e unha introducción de Xosé María Álvarez Cáccamo –fillo de Blázquez– ás circunstancias que rodearon a edición do volume. Sen a colaboración de Álvarez Cáccamo este monográfico nunca podería saír á luz.

A correspondencia fórmana máis de vinte textos cun material dispar de cartas, tarxetas postais e tarxetas de cortesía, remitidas por algúns dos protagonistas da resistencia cultural galeguista durante a Dictadura, desde Ramón Piñeiro a Bouza Brey, pasando por Martínez-Risco Ben-Cho-Sey ou Carlos Martínez Barbeito. Sobresae unha cartolina de Bouza-Brey para felicitar o Nadal, cunha das súas décimas e un debuxo de Luís Seoane, probablemente herdo da viaxe que o pai do Neotrobadorismo acababa de realizar á Arxentina e onde Seoane o recibe cos brazos abertos. O debuxo de Seoane aparece reproducido na portada que dá entrada á reprodución da correspondencia. Con Bouza, Álvarez Blázquez mantivo unha estreita amizade ó longo da súa vida, unidos polas transaccións bibliográficas cando Bouza, caído en desgracia para o réxime franquista, sobrevive de vender a súa biblioteca. As cartas de Bouza a Blázquez foron xa publicadas por Revista das Letras. Do material que hoxe presentamos, merece unha especial mención o intercambio epistolar que o ‘Cancioneiro de Monfero’ motivou entre Blázquez e os irmáns Carré, Leandro e Euxenio, moestos estes últimos por caer na inocentada e considerala un atentado contra o sagrado patrimonio galego.

(S. Noia e A.R. López]

.....
A portada orixinal do ‘Cancioneiro de Monfero’ é tamén a portada deste monográfico e o célebre Colofón figura na contraportada. A fotografía da páxina catro recolle unha reunión da Academia Galega, na que ingresou Blázquez en 1962. Nesa foto, aparecen algúns dos personaxes que desfilan pola correspondencia: Blázquez (sentado, no centro), Martínez Risco (á esquerda, sentado), Leandro Carré (á dereita, sentado) e Bouza Brey (de pé, segundo pola dereita). Acompáñanos Otero Pedrayo (de pé, á esquerda), Chamoso Lamas (segundo á esquerda de pé) e Juan Naya (dereita, de pé). A ilustración de Luís Seoane extraída da felicitación de Nadal de Fermín Bouza-Brey (páxina 13).



50 anos despois

'O Cancioneiro inocente' de X.M. Álvarez Blázquez

X.M. Álvarez Cáccamo

Alá van xa cincuenta anos desde que, con colofón do 28 de Nadal de 1953, o poeta, novelista, editor e experto en Literatura Medieval Galego-Portuguesa Xosé María Álvarez Blázquez dera a luz, co selo de Edicións Montreirey, empresa que dirixía en colaboración con Luis Viñas Cortegoso, o 'Cancioneiro de Monfero', atrevido e ben temperado xogo imitativo que usaba como hipotexto o corpus arqueolóxico da nosa lírica e os propios fondos da súa inventiva como autor da escola neotrobadoresca. Foi, probablemente, a inocentada máis famosa da Literatura galega.

As querencias de libreiro de vello e arqueólogo remexían no seu ánimo co soño feliz do achado extraordinario, ansia doente de buscador de tesouros. De tal disposición pescudadora e da súa paixón polas descubertas marabillosas deixa constancia esta confianza declarada no Limiar ao Cancioeiro de Monfero: “Ben certo é que o que percura atopa, e que a ilusión de tropezar un día con algunha nova mostra da poética medieval galega foi en min sono asexante en toda esculca de libros e antergos escritos. Porvoltas, a forza da fantasía levábame xa a repetir de cor versos aínda non descubertos máis que no escuro trasfundo da propia intimidade”.

Entre liñas desta declaración, o apócrifo compilador deita, para quen saiba entendela, a confesión da súa autoría. Os versos agachados nas suas adegas secretas ao xeito de terapia compensadora fronte á frustración do tesouro inencontrábel son os que aparecen logo atribuídos a Riandiño, Fernand Esquío ou Don Álvaro de Soutomor. E a cantiga de Golparro, “cicais nado en Tui”, revela aínda máis as coincidentes entidades do investigador que atinxiu a sorte fabulosa e fabuladora deste achado e o auténtico autor do poema, a coincidencia entre o medievalista Álvarez Blázquez –que en 1952 publicara a Escolma da Poesía Medieval– e o poeta neopopular de ‘Poemas de ti e de min’, do ano 1949.

O precioso poema atribuído con dúbidas a Golparro transparenta, en fin, a identidade do seu creador, quen como prologuista afirma sen vacilación: “Unha íntima convicción díxeme que o autor dista cantiga é tudense; ninguén me poderá afastar dela”. Efectivamente: Xosé María Álvarez Blázquez, reencarnado río arriba do tempo no xogar Golparro, naceu na vila de Tui o día 4 de febreiro de 1915. E ninguén conseguiu nunca afastalo desa íntima convicción.

Eu creo, pois, que a función lúdica e desacralizadora –saudábel práctica fronte a solemnidade pedante e reaccionaria de toda ortodoxia– do Cancioeiro de Monfero cadra moi ben con esa outra brincadeira terapéutica do buscador de tesouros que, desacougado diante das dificultades dun descubrimento espectacular, decide topalo. Pero, para evitar a aparencia dunha vontade perversamente falsificadora, espalla indicios no Limiar e fecha o volume cunha pista definitiva: o colofón do día dos Inocentes.

Enviado o libro a un escollido grupo de amigos e subscritores de Edicións Monterrey, publicado ademais días despois da súa distribución un ‘Anaco’

de Borobó onde o sagaz xornalista avísaba, con moita gracia, do carácter apócrifo da sorprendente recolleita, na que só se incluían oito das vintenove pezas supostamente encontradas e, portanto, “quedan veintiuna, que bien distribuidas pueden alcanzar para las líricas inocentadas de los tres próximos años”, Xosé María Álvarez Blázquez encárgase de “desenganar” aos poucos destinatarios que, unhas semanas despois, aínda vivían no engano. O xogo completara a súa misión liberadora, o riso, a ledicia compartida en tempos de difícil alegría, o pracer erudito da complicidade intelectual, e cumpría xa desfacer o novelo, clarear amistosamente a broma, temperar a ferida dos susceptíbeis e a animadversión dos resentidos.

O profesor Rodríguez Lapa, divertido coa “brincadeira inocente e bem forjada”, advertira ao autor do apócrifo cancionero do risco das reaccións de desgusto: “Há homens que não perdoam serem levados a engano”. Algún caiu “como un rulo”, outros admitiron ter sido liberados da arañeira por mediación do artigo de Borobó ou atentos ao sinal revelador do colofón, moitos louvaron a gracia da “inofensiva impostura”, a “extraordinaria pericia” da imitación, o enxeño da inocentada, o “afiligranado labor” do tecedor, o valor estético dos poemas alén do seu cerne imitativo. E hai quen mostrou, ademais dunha carencia absoluta de sentido do humor, parcela fundamental da intelixencia, a chaga aberta do orgullo ferido mentres negaba, enrabechado, terse sentido molesto por causa do engano –“eu piquei, repito, e non me importa”–, arremeteu contra a de neno avisado e brincador” e agoirou o futuro arrepentimento do autor daquela “chafullada de rapaces”.

A min cónstame que o meu pai, Xosé María Álvarez Blázquez, non só non se arrepentiu nunca daquela súa estu-penda brincadeira, poesía de altura ademais de simpática, hábil, enxeñosa ocorrencia que fixo felices durante algún tempo á maioría dos seus destinatarios, inocentes ou non –enténdase a palabra en toda a extensión dos seus significados– senón que ten participado con leda espontaneidade noutros xogos apócrifos familiares de certa repercusión pública. Sospeito que mesmo entre as cartas aquí reproducidas, que eu topei nun único mangado so o epígrafe ‘Correspondencia sobre o Cancioeiro de Monfero’, hai algunha tamén apócrifa. Brincadeira de Xosé María destinada aos inocentes do natal de 2003.

.....

CANCIOIRO DE MONFERO

(SÉCULO XIII)

6 | **rdl**
Galicia Hoxe 18/12/03

EDICIÓN E LIMIAR DE
XOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ



EDICIONS MONTERREY
VIGO - MCMLIII

Estos cantares en Lengua antiga
halle escritos en tres fojas de
pergamino en los libros deste
monesterio, y por que estaban
las fojas comidas de carco-
ma y la escritura a trechos
muy sutil, fuzgandolos
us exemplos de graziosas
sentenzias y rimos diles tras
lado en la parte que fa-
lle posible =

Fr Ramon Barzof

En este mono de monfero año
De 1671 =

CANCIOEIRO DE MONFERO

(SÉCULO XIII)

EDICIÓN E LIMIAR DE
XOSE M.^a ALVAREZ BLAZQUEZ



EDICIONS MONTERREY
VIGO - MCMLIII

L I M I A R

Non é doado decirvos con verbas humanas a fonda conmoción que, nunha luminosa serán deste dourado outono, nos sacudiu por igual ao meu compañeiro e fraterno amigo Lois Viñas Cortegoso e mais a mín, ao toparmos, entre uns vellos papeles destiñados ao muíño, iste manuscrito que agora en parte vos adianto.

Ben certo é que o que percura atopa, e que a ilusión de tropezar un día con algunha nova mostra da poética medieval galega foi en mín sono asexante, en toda esculca de libros e antergos escritos. Porvoltas, a forza da fantasía levábame xa a repetir de cor versos aínda non descubertos, mais que no escuro trasfundo da propia intimidade. Pero non por isto, o maxinado alcontro poido mingoar nimigalla os boligantes latexos do corazón, no meigo intre de ollar entre as mans a realidade cabal do presentido regalo.

Novas cantigas, coma xurdidas ao conxuro de un sono, chegaban a mín a traveso dos séculos, da coidadosa man de Frei Ramón Pazos, un bo frade bieito, do que coído ninguén saberá decirme ren.

Unha apresada e tremante lectura dos vintanove poemas conservados no seu manuscrito, levóume xa á seguranza de que o CANCIOEIRO DE MONFERO, sendo da mesma tempá dos apógrafos conecidos de Roma e de Lisboa, non tiña con eles materia común, polo menos nista pequena parte ditosamente conservada. Nin unha soia das vintanove cantigas está en calesqueira das tres coleccións medievaes galego-portuguesas, onde se garda o tesouro da nosa poesía profana de aquil tempo. Un pensamento consolador viume deseguida ás mentes: si o desleixo dos homes fixo posibre a perda da famosa e ricaz bibrioteca do mosteiro de Monfero, outrora cerne

espritoal de Galicia, abonda cicais con iste cativo reíto, que a sorte nos viu legar, pra sentirmonos compensados da fabulosa depredación.

Leixando pra outra ocasión o demorado estudo—xa encertado areíto—e a publicación de todas as cantigas, co rigor crítico que o caso require, queremos hoxe ofrescer aos suscriptores de EDICIONS MONTERREY as primicias díste fermoso mangado de froles vellas, pra que partillen conóscos da ledicia e da emoción, que aínda sentimos ca forza do primeiro intre. E un adianto, en data sinalada, que a boa amizade manda, coma regalo escolleito do vindeiro Aninovo.

O manuscrito do P. Pazos é un caderno en 4.^o, en papel fío do século XVII, sin marca ou filigrana. Os éstragos do tempo fixeron nil algunha ferida, pois non se viu ceibe da triple mordedela de ratos, polilla e carcoma. Non embargantes, o teíto das composicións non sufríu perdas graves, e pódese refacer doadamente, nos casos en que falla algún anaco de papel.

A pequena historia do CANCIOIRO DE MONFERO está contida nistas sinxelas liñas da portada, que damos en facsímile noutro lugar:

† *Estos cantares en lengua antigua balle escritos en tres fojas de pergamino en los libros deste monesterio, y porque estaban las fojas comidas de carcoma y la escritura a trechos muy sutil, juzgandolos no esemptos de graziosas sentenzias y rimos díles traslado en la parte que falle posible—Fr. Ramón Pazos. En este mon.^o de monfero año de 1671—.*

A nómina do CANCIOIRO non é tan curta coma faría supor a súa brevedade. Nela solprendemos a presenza de dous poetas novos, un fidalgo e outro vilao: Don Alvaro de Soutomor, cuio tratamento e apelido falan craro do nobre funduxe, e Riandiño, xograr. Non é agora o intre de cavilar encol das súas persoalidades, que, no referente ao primeiro, coidamos ter xa desentranado. Da inspiración de entrambos, do vencellamento de cadaquén a un particular mundo

6

poético—a composición paxega de maldicer e a cantiga popular de amigo—damos eiquí senlleiras mostrás.

Logo xurden no CANCIOIRO DE MONFERO algúns nomes xa conecidos e, o que non pode resultar eítrano, familiares naquila bisbarra, fecunda coma ningunha outra no frolecer de troveiros, segreles e soldadeiras, no saudoso século XIII. Eiquí están Pero Amigo, Fernando Esquíu e Pero de Armea. Ningún deles podía fallar. E, por si fose pouco, aparec aínda un outro trovador anónimo, facendo nova «escatima» da tan zorregada María Balteira, nunha bailada humorística de lanzal feitío. Si o autor de ista cantiga non é o mesmo Pero Amigo, botando man de unha fórmula de Roi Paes de Ribela —*María Xenta, María Xenta da saia cintada*—haberá que coidar que é o propio Ribela quen agora nos descobre, nunha segunda versión do tema, a persoalidade da «xenta» ou xentil María, que non podía ser outra que a famosa soldadeira penitente sepultada en Sobrado, o segundo mosteiro cisterciense da terra de Betanzos, onde ista trinca boligante viu a primeira lus.

Outra das cantigas anónimas, aquíla fermosa de amigo con que remata o manuscrito, e na que o troveiro matina que a namorada vai á romería de San Treeçon a se bañar no río, sitúanos, axiña de finada a lectura, no camiño do autor. Pra mín, ten de ser o xograr Golparro, deica agora conecido por unha senlleira cantiga do mesmo feitío, onde fai enmenta da romaxe de aquíl santo. Sabido é que a ermida de San Treecón, ou Tirso, era a que no século XIII ocupaba o lugar que logo tivo a de San Xohán do Porto, nos arrabaldos de Tui, e precisamente á beira do Miño. A vecindade da ermida e do río, xa de primeiras feita patente nista nova composición, ven dar a meirande seguranza á localización que se tiña postulado. Golparro, cuio alcuñe de gran raposo desdícese da súa non roubada inspiración, sería cicais nado en Tui, a carón da famosa ermida e do río que canta. Unha

íntima convención dícese que o autor desta cantiga é tudense; ningún me poderá afañar dela.

Moi probe é a representación do Cancioeiro de Amor na parte conservada da colección de Monfero. Somentes catro cantigas, e non das mais belidas, hai entre as vintanove. O resto son dez de escárneo e maldecir e quince de amigo. Todo fai pensar que a colección foi recollida por persoa que tiña en pouco os mañeiros engados da poética proenzal; algún frade ou xograr—cicais as dúas cousas á par—que mais se pagaba do sinxelo decir popular, fresqueiro e penetrante coma o ulido das herbas do campo, e do agudo aguillón do maldicer, que ten tamén unha raigaña entoñada entre as penedas montesías.

Frei Ramón Pazos era bó paleógrafo. Ca súa redonda e crara letra, deu traslado fidel da esvaída do pergameo, e soupo desfacer as ligacións e abreviaturas que por forza tería a escritura orixinal. Eu limitome agora a un traslado, tamén fidel, da súa letra, sin entrar en problemas de orde ortográfico que, sin dúbida, il axeitou en parte a seu modo, e non por iso sin se ver libre de vacilacións. Poño entre claudatos aquilas letras ou verbas que, por estraños no manuscrito, fallan no texto de Fr. Ramón Pazos e, de resto, fago unha sinxela labouira de puntuación e ordeamento dos versos, xa que porvoltas ístes aparecen cortados ou alongados, sin ter en conta as normas de metro e rima.

Pasade agora adiante, e axiña me diredes si o CANCIOEIRO DE MONFERO está ou non ben trovado.

*Venturanzas no Aninovo
con pantrigo e mais un ovo.*

RIANDIÑO, IOGRAR

Amigas, quando vier
meu amigo demandar
por mí, que vaia veer
se estarey ante o altar
de Santa Comba, ú m'él víu
o día que se partíu.

Quando quiser meu amigo
amigas, fillar perfía
por trebellar ora migo,
nembrádelli a romaría
de Santa Comba, ú [m'él víu]
o día que se partíu.

Amigas, digades quando
ora vos él preguntar,
veja se estarey chorando
dos olhos ante o al[tar]
de Santa Comba, [ú m'él víu]
o día que se partíu.

(C. M., 5)

[ANONIMO]

—Ai, madre, o por quen eu choro
leixoumi namorada, e foise en Toro
dizen acá na terra
que por entrar en guerra.

Ai, madre, o que me tiña namorada
leixoumi triste, e foi na cabalgada,
dizen acá na terra
que por entrar en guerra.

—Pois, filla, non te pes que te leixara
ca, se te muyto amar, cedo tornara.
—Dizen acá na terra
que por entrar en guerra.

—Pois, filla, non te pes que te leixase
ca, se te muyto amar, cedo tornase.
—Dizen acá na terra
que por entrar en guerra.

¡Ai, madre, nen sabrey viver un día
sen meu amigo, que mui ben quería!
(C. M., 9)

10

[ANONIMO]

Desque vos vi en cas d'El Rei,
señor, mesquiño quedei,
e agora vivo coitado
come home desconortado
con grande amor que vos ei.

Con grande amor que [vos ei,]
señor, mesquiño [quedei,]
e non me val ja conorte
se non vós, que soys mía morte
desque vos vi en cas d'El Rei.
(C. M., 11)

[ANONIMO]

Se me quiserdes dicir
ũa ren, mía señor,
terriavolo por ben:
qué cousa seja peor,
de homem con coyta morrer
ou de viver con tristén?
(C. M., 14)

FERNAND ESQUIO

Quén vos deu ese capelo,
 don Pai, de coór marelo,
 [fei]to da pel dun novelo
 que non tiía pai nen nai?
 Quén volo deu, don Pai,
 que atán mal vos cai?

Quén vos donou ese abano,
 feito de tan negro pano
 que non saben doutro ogano
 os mouros que o demo trai?
 Quén volo deu, don Pai,
 que atán mal vos cai?

Quén vos deu ese calçón
 de bragal, come pendón,
 e mays o verde cordón
 que a tal calça non lli vai?
 Quén volo deu, don Pai,
 que atán ben vos cai?

(C. M., 17)

12

DON ALVARO DE SOUTOMOR

Un clérigo que comía
 eno paaço noutro día
 era estreito de garganta,
 e o Daián xe lli dicía:
 —O que non canta non janta.

O clérigo non comera
 en un ano, nen dizera
 ar a súa misa santa,
 e o Daián lli cometera:
 —O que non canta non janta.

Logo o clérigo se ergeu
 e de pran í prometeu,
 ca sa fame xi era tanta,
 cantar pera o Iubileu.
 —O que non canta non janta.

(C. M., 23)

[PERO AMIGO?, ROI PAES DE RIBELA?]

María Balteira, da saya çintada,
foy por guanhar mui boa soldada
ena sazón que se fezo cruzada.

Por én, bailemos aquesta bailada.

Pero d'Ambroa quis [guanhar] perdón
e logo lli deron Bal[teira] per don,
porque tragese levado o pendón.

Por én, bailemos aqieste bóo son.

[María] Balteira e Pero d'Ambroa
[foron] guanhar perdón e coroa,
que mui mais valen que vinho e boroa.

Por én, bailemos bailada mui boa.

Pero d'Ambroa e María Balteira
punhan agora pela deanteira
et per cousir quen chus se marteira.

Por én, bailemos bailada legeyra.

(C. M., 25)

12 | **r d l**

14

[GOLPARRO?]

Madre, a San Treeçon irei
e no río banharme ei
ante que saya l'albor.

Irei, madre, á romaría
e banharme ei, a fe mía,
ante que saya l'albor.

Banharme ei, ben volo digo,
ú non sábia meu amigo,
ante que saya l'albor.

[Banhar]me ei, per ren que seja,
[ú meu a]migo non veja,
ante que saya l'albor.

(C. M., 29)



No ventre do silencio

A correspondencia que reproducimos componse de 23 textos, ademais dunhas tarxetas de visita con textos manuscritos que aparecen no mesmo mazo e nas que os textos se limitan a unhas felicitacións engastadas ó nadal. O mazo foi achegado a Revista das Letras por Xosé María Álvarez Cáccamo. A nosa edición respecta a lingua orixinal das cartas (castelán, galego e portugués) así como a grafía orixinal galega de cada unha. Tamén se inclúe unha pequena nota que aclara se se trata dunha postal, dunha tarxeta ou dunha carta manuscrita ou mecanografada. No grupo das manuscritas, hai unha sen identificar –por ilexibilidade da sinatura–, un texto onde ademais non se puideron descifrar dúas palabras. O conxunto é un ameno percorrido por unha época –a da inmediata posguerra– na que o galeguismo vivía acubillado na escuridade das bibliotecas e cos ollos máis voltos cara ó pasado que cara á tristeza do presente.

[Carta mecanografada]

Compostela, 31 do San Silvestre,
imeigas fora!, do 1953
Sr. Dn. Xosé Ma. Alvarez Blazquez
Vigo

Meu benquerido amigo:
Que o Aninovo lle sexa tamén moi ventu-
reiro. E boa falla nos fai. Hoxe ábrese a Por-
ta Santa. Escomenza o Xubileu Composte-
lán. Os xornaes ren pubrican en galego.
Mandan os nosos amigos.

Recibín o 'Cancioneiro de Monfero', que
tivo a xentileza de me enviar, e no mesmo
día dos Santos Inocentes estaba xa nas
miñas mans.

Ben dí no seu "rematouse", "sinalada
festa que a todos, máis ou menos, toca". A
cousa, en verdade, non pode estar mellor.
¿Quén no[n] cai de primeira intenzón? Ese
"rematouse", "día 28 de Nadal, foi o moti-
vo de manterme en pé. Vin como algún po-
eta lírico picou. E isto xa é un grande éisito.
Miña máis feroada embora. ¡Moi bem!,
pero qué moi ben!

Siga, por lo amor de Deus, pubricando
esas cousiñas tan belidas xa que os outros
arrenegan da nosa cultura.

Vamos a ter Aparicios, moi axiña, nun
Congreso do Periodismo, eiquí na Capital
da nosa galegitude. ¡Ou! escarno de bul-
ras!

Moi agradecido polo envío do "Cancio-
neiro", novamente o felicita e lle desexa un
bó Aninovo, seu admirador e amigo,

[Xesús Carro García]

[Tarxeta manuscrita]

Madrid, día dos Inocentes do 1953
Querido amigo: Miña noraboa mais sincei-
ra polo inocente achádego do "Cancionei-
ro de Monfero", nidia proba de que aínda
hai na nosa terra bon humor, finura de es-
pírito e trovadores capaces de emparexar
as grorías de Mendiño e Pero Meogo.

A inocentada gustou moito a cantos a le-
ron e honra aos seus autores ¡Terra a No-
sa!

Unha aperta forte do seu amigo
[José Ramón (Ben-Cho-Sey)]

**[Carta mecanografada con timbre do Se-
minario Conciliar. A mano, escríbese na
cabeceira: Costetada o 7]**

Seminario Conciliar de San Fernando.
Orense, 2 de enero de 1954

Sr. Director de la Editorial y Librería Mon-
terrey
Vigo

Mi distinguido amigo: Todavía en el sabo-
reo de la grata sorpresa, acuso recibo a su
exquisita felicitación-obsequio de Año
nuevo: el Cancioneiro de Monfero. Muchas
gracias. Para todos los amantes de nues-
tro pasado y de nuestras letras no han po-
dido ofrecernos nada mejor. Por mi parte
le devuelvo la felicitación deseándoles un
próspero año nuevo con crecientes éxitos,
hallazgos y rescates en servicio de la cul-
tura gallega.

Perdone este cambio de tema, pero ya
tenía pensado escribirle un día de estos y
ahora aprovecho esta bella ocasión. En
septiembre pasado y desde el Archivo Ca-
tedralicio que mal-dirijo envié a esa Libre-
ría, según habíamos convenido personal-
mente en agosto ahí en Vigo, tres paquetes
conteniendo libros de depósito para venta.
Digame para mi tranquilidad si los ha reci-
bido o no. Acaso se les haya pasado (lo
cual es muy fácil: hablo por mi) o se haya
extraviado la carta o los libros: -un discurs-
o de Bedova (folleto); -las Sinodales del
Obispado y el Catálogo de pergaminos
monacales del Archivo C.

Repito mi agradecimiento, y queda Vd.
affmo. s.s. y amigo

[Peña Duro]

**[Tarxeta manuscrita con timbre de Bar-
beiro, "consejero secretario General de
Metro Goldwyn Mayer Ibérica S.A.]**

Feliz Año Nuevo y gracias por el delicado
objsequio del que prometo ocuparme pu-
blicamente, dada su importancia

[Carlos Martínez Barbeito y Morás]

[Carta manuscrita]

Barcelona, 8-1-54

Señor don José M^a Alvarez Blázquez
Vigo

Mi querido amigo: mil gracias por su carta; excusaba usted las explicaciones porque la gracia y el ingenio derrochados en la inofensiva impostura le exculpan por completo. Por otra parte –y me hago cargo de que lo que voy a decir puede parecer inventado a posteriori para salvar el puntillo de honra del crítico o aficionado a la crítica que hay en mi– lo cierto es que le envié la tarjeta de acuse de recibo en el mismísimo instante de recibir el folleto y sin más que haberlo hojeado, desde luego gratamente estupefacto. Sin embargo, y antes de pararme a examinarlo con más calma, me dirigí desde mi despacho a un café donde había de encontrarme con un par de artistas, escritores gallegos, entre ellos el periodista de “Faro de Vigo” Javier Costa Figueiras, les dí cuenta del sensacional descubrimiento de usted y, aun sin examinarlo a fondo y sin haber visto el colofón, añadí: “a no ser que se trata de una inocentada”. Al llegar a casa y arrellanarme en mi sofá de trabajo para disfrutar de los preciosos versos, recorrí con la mirada y muy deprisa todas las páginas, y al dar con el colofón ya no me quedó duda alguna. La misma tarde recibí el número de “La Noche” y al leer el artículo de Borobó me reí buenamente de la broma. Con ello no quiero decir que la propiedad de la imitación de usted no hubiera podido engañarme y cometer una verdadera plancha. A más sesudos y doctos varones han engañado mixtificaciones de estas. Alguna está bien reciente.

Lo que si le agradezco es su intención de evitarme un fiasco, en público, enviándome su carta. Ha sido un rasgo muy de estimar. Yo también hice una broma semejante, al dar, hace siete u ocho años en el Ateño de Barcelona una conferencia sobre un poeta imaginario, cuya vida y obra inventé; luego leí la traducción de sus poemas, que en realidad eran míos. Nadie descubrió la superchería y hasta hubo un catedrático de literatura, conocido escritor y hombre de teatro, que se dió por enterado de la existencia y obra de aquel poeta danés, Ander Asmorsen, anagrama escandinavizado de mi segundo nombre de pila y de mi segundo apellido. Cogido en la trampa tuve que dejar que “Destino” publicado días después una semblanza de dicho poeta, para lo que dí todos los datos necesarios, y la fotografía que se publicó como de Asmorsen fué la de Meredith, que arranqué de un tomo de versos de éste. En aquella época dirigía “Destino” Alvaro Ruibal. Le cuento esto para tranquilizar sus escrúpulos y para convencerle de que tengo el suficiente sentido del humor para apreciar una broma de este tipo, e incluso para llevarla a cabo. La que se quedó más

decepcionada con lo del Cancionero de Monfero fué mi mujer, a la que, al llegar a casa, informé de que había sido descubierto un poeta de su mismo apellido y sangre. Luego nos reímos mucho los dos, al ver que se esfumaba la nueva gloria familiar apenas aparecida, el nuevo Sotomayor.

Seguí con afectuoso interés la votación del Nadal de este año en lo que a usted concernía y lamento el resultado adverso. Otra vez será.

Otra cosa: ¿recibe en su librería, y puede reservarme las obras gallegas publicadas en Buenos Aires? No encuentro modo de obtenerlas. Algunas me interesan mucho; no tengo ninguna –deseo todas– de las que cita nuestro amigo del Riego en el n^o de Año Nuevo de “La Noche”, ni siquiera la de mi abuelo sobre la guerra de la Independencia, ya que la tramitación de este asunto ha debido llevarla, por parte de la familia de Martínez Salazar un tío mío con quien los demás descendientes no nos relacionamos. Es muy interesante –y por mi parte la agradezco como gallego y como nieto del autor– la iniciativa de recoger sus trabajos dispersos, uno de los cuales, por cierto, afecta a otro pariente mío, al abad del Couto, descendiente por su madre doña Juana Barbeito y Padrón, de la que también yo vengo, y radicada siglos atrás en Pontevedra –su casa solariega es la llamada “de los Casas”, en la Herrería– y en los alrededores de Salvatierra de Miño. No sé si decidirme a escribir a esos señores del Centro Gallego de Buenos Aires por si pueden también publicar otros dos interesantísimos trabajos –estos inéditos– de mi finado tío Fernando Martínez Morás, que fueron premiados en el Certamen del Centenario de la Guerra de la Independencia, en 1908, por el Ayuntamiento de Santiago. El uno versa sobre la Soberana Junta Superior de Armamento de Galicia, y el otro sobre las “Alarmas en Galicia”. Ambas agotan el respectivo tema; y formarían dos interesantísimos folletos o un solo libro. Yo tengo en mi poder los originales manuscritos, e incluso parte de la documentación de que sirvió (el año pasado regalé uno de estos documentos, firmado por Castaños en Pontevedra, al Museo de esa ciudad) y todas las notas y apuntes de trabajo. Como es natural, no aspiraría con esto a ninguna ventaja material, sino sólo a hacer que no se pierdan estos escritos y completísimos trabajos, y a honrar la memoria de un hermano de mi padre. ¿Tiene usted idea de a quien debo dirigir el ofrecimiento?

Y basta de carta, que ha salido desmesurada.

Gracias por todo y, en espera del habitual catálogo de “Monterrey”, le saluda muy afectuosamente su amigo,

[Carlos M. Barbeito]

Saludos a su hermano, a quien conocí este verano en La Coruña.

[Carta mecanografada]

Anadia, 30 de Janeiro de 1954.

Meu estimado Amigo
Estive ausente de Anadia durante oito días e só agora tomei conhecimento da sua carta, que, como é de calcular, me encheu de satisfacción. Até que enfim que encontramos o célebre artigo de Vesteiro Torres! Também me interessa o que diz sobre a publicación do estudo no libro póstumo "Monografías de Vigo". Claro que non tenho muita pressa e posso esperar um mês ou mais pela cópia. Apresentará os meus cumprimentos e agradecimentos ao Sr. Rey Soto, a quem debemos esse grande favor. Diga-lhe que eu sou um bom amigo da Galiza.

Muito interesante as reaccións suscitadas pela sua hábil impostura literária. Oxalá que os que cairam como patos lhe perdoem a brincadeira.

Non deixe de me enviar os catálogos do seu recheio de obras em galego, como os respectivos preços. Com cumprimentos para o Sr. Viñas, creia-me amigo muito atento e obrigado

[Rodrigues Lapa]

[Carta manuscrita]

Compostela, 6-1-1954

Sr. D. Xosé M^a Álvarez Blázquez
Vigo.

Meu querido amigo:
En Lugo, de volta das miñas terras nativas de Láncara, atopeime co-a felicitación de ani.novo enviada por "Monterrey".

Quérovos espresar o meu agradecemento por vos ter lembrado de min. Pro tamén quero felicitarte moi sinceramente pol-a extraordinaria pericia con que soupeches darlle verosimilitude a tan orixinal, inxeniosa i-espléndida idea. Coido que entre nós nunca se fixo unha cousa con tanta gracia e supoño que, a non ser que Cunqueiro puxera en xogo a sua imaxinación, tardará moito tempo e[n] ser superado o voso grande e feliz acerto... a menos que vós mesmos queirades facelo en anos sucesivos.

A min oocurríme que lín na aldea o 'Anaco' de Borobó antes de ver o 'Cancioneiro', que me agardaba en Lugo.

Algún dos poemas é moi fermoso.

En min, noraboa e moitas venturanzas neste novo ano pra poder seguir derrochando ise fino humor que Deus quixo darvos ós amigos de Monterrey.

¿Podereiche anticipar xa a noraboa pol.o trunfo no Nadal? Gustaríame que fosse un anticipo profético.

Unha aperta moi forte do teu bo amigo

[Ramón Piñeiro]

[Tarxeta manuscrita con timbre do Dr. A Beiras. Oculista]

Vigo 14-1-54

D. Xosé Viñas Cortegoso
Xosé M^a Álvarez Blázquez

Librería Monterrey.
Quedovos moy agradecido por a felicitación e acordado de min co ise obsequio tan interesante que sigades remexendo coa mesma sorte tantos papeis, pra gozo de todos e riqueza de Galicia.
Unha cordial aperta.

[Tarxeta manuscrita]

Ourense -9-1-54

Meu caro amigo: caín coma un rulo -non se desconfiar unha miga por mor da data. É o pastiche mellor feito que vin e lin na miña vida. Miña felicitación mais garimosa e cordial.

Reciba a espresión da millor amizade de

[Florentino Cuevillas]

[Carta mecanografada]

BILBAO 29 Diciembre 1953.

Ediciones MONTERREY
Vigo.

Muy Sres. míos:

Sirven las presentes líneas para acusar recibo a su delicioso regalo de Navidad -el folletito 'CANCIONEIRO DE MONFERO' - y agradecerles su delicada atención, al tiempo que les envío mi felicitación por la labor que realiza esa Editorial en pró de las letras gallegas.

Les desea toda suerte de venturas en estas fiestas y las mayores prosperidades en el año que va a comenzar, su affmo. y s.s. q.e.s.m.

[Ángel Bernárdez Losada]

[Carta manuscrita]

Pontevedra, 18 de enero

Querido José M^a: Recibí y saboreé las primicias del 'Cancionero de Monfero'. Me emocionó. Fue una gran suerte descubrirlo porque es algo así como un premio grande. Estoy deseando que lo publiqueis para deleitarme leyéndolo. Couceiro, en su Diccionario también hace trobador a Golparro, y yo también lo creo.

Muy agradecido.

Escribí a Lusa, vamos a ver que contesta, si es verdad lo del 'Auto sacramental'. Vive en Ordenes, como una ostra; yo siempre creí que sus extravagancias eran pose, pero ahora estoy convencido de que está guillado.

Hoy recibí la Revista de Dialectología y en las notas de libros acusa recibo del 'Entremés famoso' y dice que el culto Bouza Brey lo dan a conocer, y aún más "El editor ya ha iniciado, tanto en el prólogo como en las notas etc". Es decir que ni editores sois.

Tengo ganas de charlar un poco y de verte la tienda. Y a propósito ¿qué es de ese diario de [non se entende no orixinal] de fines del siglo XVIII que ibas a publicar en Museo.

Con mis afectos a tus hermanos, recibe un fuerte abrazo de tu [non se entende no orixinal] amigo,

[Illexible]

[Carta mecanografiada]

Sr. Don José M^a Alvarez Blázquez
VIGO

Mi distinguido amigo:

Acabo de recibir un ejemplar del 'Cancioneiro de Monfero' que me envía esa Editorial junto con una felicitación de Año nuevo, a las que por duplicado correspondo: muchas gracias por la felicitación que devuelvo y muy agradecido por este hermoso ejemplar que aún no he leído, lo que espero hacer esta noche en la tranquilidad de la cama, pero que, por lo poco que he visto es muy interesante. También recibí a su tiempo el ejemplar de Martín Torrado enviado por Uds. Me hace suponer que estos envíos serán obsequio de esa editorial, puesto que, en ninguno de ellos indica el precio de los mismos: sin embargo, les reuego me digan si estoy en un posible error y, aunque así no fuese, si necesitan mi colaboración económica para ello, -ya que otra mi intelecto no me permite- saben cuentan incondicionalmente conmigo.

Y ahora un favor, mejor dicho dos. Se trata de los siguiente. Mi buen amigo el profesor Kröll, filólogo romanista, especialista en galaico-portugués, ex-lector de alemán en la universidad de Coimbra y muy versado en cosas gallegas, me pide desde Alemania el Diccionario de Valladares y, para satisfacer su deseo he buscado por ésta algún ejemplar. Cosa rara: aún siendo natural y haber vivido aquí en este municipio don Marcial, no encontré ejemplar alguno y solamente tienen uno en casa de la familia del que, como es natural no se desprenden. ¿Podían Uds. encontrar alguno y decirme qué precio puede valer para comunicárselo al peticionario?.

Y el segundo favor: que le envíen un ejemplar de este 'Cancionero de Monfero' al amigo Kröll pues sé que le interesará mucho, contando claro está que el importe del mismo me lo carguen a mi, incluídos gastos de correos. Si puedes hacerlo, su dirección en la siguiente:

Dr. Heinz Kröll
Romanisches Seminar des Universität
MAINZ (Alemania)

En espera de sus gratas noticias y rogándole me perdone tanta molestia, aprovecha la ocasión para saludarle y quedar de Ud. afmo. amigo y s.s.

q.e.s.m.,

[Mario Blanco Fuentes]

P.S.

Le ruego diga a su hermano Emilio que recibí su carta de felicitación de Navidad y aguardo esa carta amplia que me promete. Gracias.

[A mano] Otro ruego: si tiene a la venta el nuevo libro de Otero Pedrayo "O Libro dos amigos" envíenme un ejemplar.

[Carta mecanografiada]

La Estrada, 11 de enero de 1954

Sr. José María Álvarez Blázquez. VIGO

Mi distinguido amigo:

Ya he leído, saboreado y criticado las composiciones del cancionero de Monfero de cuyo recibo acuso a Ud. noticia en mi última carta, de la que ésta es continuación. Como allí le decía, quedé temblante al ver el hallazgo y esperé a la noche para, en cama y con tranquilidad saborear su contenido. Ya allí, después de la lectura del Limiar y de un vistazo al facsimil manuscrito del bueno de Fray Ramón Pazos, padre bieito, y especialmente su firma y rúbrica noté algo raro y, al terminar la total lectura y ver la fecha en que se imprimió el libro "que a todos más o menos toca" entré en sospecha de la verdad, que, luego, con todos estos datos y atando cabos fue convencimiento de realidad. Sentí una gran pena de que no fuese cierto, pero al mismo tiempo pensé con los italianos y con Ud: "non é vero pero está muy bien trovado".

Es, desde luego, una de las inocentadas más hermosas que he visto y he de felicitarle a Ud. sinceramente, pues ha conseguido inventar y repetir de cor versos aún no descubiertos tan magníficamente escritos que, si no fuesen enviados en esta fecha, habrían de dar más de un "camelo" a personas que, como yo, no son técnicas en la materia, pues creo que no se puede llegar en la invención de lo antiguo a nada tan hermoso como lo que Ud. ha logrado. No es verdad lo del cancionero de Monfero –hermoso nombre para una inocentada– pero ha conseguido Ud. una vez más acreditarse como grande poeta.

Decía a Ud. en mi última enviase un ejemplar al amigo Dr. Kröll a Alemania. Si aún no lo hizo y queda algún ejemplar le ruego me lo envíe para remitírselo yo, y si ya lo hizo me avise para explicarle a él la verdad, pues pudiese ser -no lo creo puesto que es un verdadero perito en la materia– que creyese ser verdad el hallazgo y lo publicase en su país con lo que se expondría al ridículo y, para los que ignoren en el extranjero nuestra costumbre de las inocentadas a una falta de formalidad por parte de los intelectuales de nuestro país. Pero me gustaría darle el bromazo al amigo Kröll, explicándole la verdad.

He seguido con interés la marcha del Nadal este año y también he de felicitarle a Ud, por haber tenido voto para el premio, aunque me gustaría más la felicitación total. Pero creo que, por lo que vemos, hay que ser mujer para llevar el premio. Yo ya voy desconfiando mucho de estos premios y más desde que concedieron el Nobel de Literatura a Churchill....

Sigo esperando esa prometida y larga carta y mientras tanto, reciba un afectuoso saludo de su buen amigo,

[Mario Blanco Fuentes]

[Carta mecanografiada con timbre do Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos]

14 de Enero de 1954

Sr. D. José María Álvarez Blázquez
Gran Vía, 326-5º
VIGO

Mi querido amigo:

Las ocupaciones y preocupaciones de los días de Navidad, Año Nuevo y Reyes, me impidieron escribirle al recibir su Cancionero de Monfero y ya "fuera de fecha", lo fui dejando, porque lo mismo daba un retraso de diez que de quince días.

No me he cansado de comentar como me pareció la suya la más ingeniosa y bien hecha inocentada que la que nunca tuve noticia.

En su alabanza debo confesar que no me dí cuenta de ello hasta llegar al colofón. Lo recibí poco antes de marchar a casa a comer y, a pesar de las censuras de mi mujer, empecé su lectura durante la comida del día de Inocentes, rematándola en la sobremesa, admirado de su buena suerte hasta llegar al colofón, trocándose entonces mi admiración por su habilidad e ingenio.

Creo haber sido el primero en Santiago en darse cuenta, lo cual atribuí, claro está, no a mi pericia –que no tengo– de lector de poesía trovadoresca, sino a mi costumbre de ver películas policíacas o aun de leer durante viajes y convalecencias libros de esa especie.

Cuando llegué al Instituto aun no se había dado cuenta nadie de su hazaña, unos porque no habían hecho más que hojearlo, otros porque nó y hasta alguien hubo que lo discutía considerándolo legítimo.

Tengo la sospecha de que sus trovas [f]ueron escritas sin propósito de su final destino, sino dejándose llevar e influir por su manejo de los cancioneros al publicar su reciente "Escolma", surgiendo después la idea del delicioso bromazo. ¿Acier-to?

Mi más cordial enhorabuena por ese nuevo motivo para mantenernos admirándole a sus buenos amigos, entre los cuales, se considera, y muy cordial,

[Cordero Carrete]

[Escrito a man] Gracias mil por haberme escogido entre los merecedores de tan maravillosa inocentada.

[Carta manuscrita]

Margarida-Eirís de Arriba
Carteiría de Ponte da Paraxe
A Coruña 29 de Nadal do 1953

Meus distintos señores e bons homes:

Coa súa cartuliña de bons agoiros para o Aninovo chegou ao meu poder o belido e envidosamente imprentado fascículo "Cancioneiro de Monfero", me encheu de ledicia por tres moi asinaladas razóns: o saberen que me teñen presente ao se lembrar dos seus amigos; o mimo con que fan as súas interesantes publicacións, contribuíndo a dare probas irrefutables de que na nosa Terra préstasele a cultura e amor aos libros, e sábese faguer con regalía a imprenta de obras de recendo literario; e pol-o moi feliz achádego do escrito de Fr. Ramón Pazos, que foi dare en boas mans pol-a nosa fortuna; escritor que vostedes, con moito acerto, califican de "Cancioneiro de Monfero", e que ven revorar que a nosa Galicia foi no medioevo –coma seguramente foi sempre– niño e fonte copiosa e ricaz de poetas; inda que houber no pasado quen coidou dicir unha verdade ao afrimar que Galicia nunca fora fértil n-eles, e que puido sere desmentido cando foron descubertos os Cancioneiros de Ajuda, da Vaticana e Colocci Brancuti. ¿E cantos máis se terán perdido!

Eu inda acoubillo a esperanza de que calquer día hase atopar algún outro cancionero que testemuñe que houbo tamén na nosa Terra unha ricaz e abondosa poesía épica –o que con teima venñen nos negando os historiadores literarios– cal negaron denantes a nosa riqueza lírica até que os cancioneros citados apareceron e afincaron o contrario sen réprica posible.

¿Como non había dare poetas unha terra cal a nosa habilitada por unha raza céltica, que, cando as súas mocedades fan loitar á terraxe romana, cantaban na súa fala? Segundo testemuño de Sillio Itálico: "barbara nunc patriis ululatem carmina linguis"; esto é: que ululaban cantigas barbas na fala da súa patria.

O espírito poético non se improvisa nen adquire supetamente por imitación; é algo circunstancial privativo e característico das razas, inda que poida se desenrolar e èrfeicionare por influencias estrañas. Non foi, non, preciso aos galehos, que viñeron a inxerire nas súas animas o sentimento estético e súa eispresión en cantigas e compoñían cantos os bardos lembrando os feitos fazañosos dos seus heróis.

Na Galiza todo canta: as aves, os ventos, o mar, a terra toda nas súas fragas, ríos, quenllas... e as xentes que nela habitan. cantan agora e cantaron sempre.

Doulles as mais compridas gracias pol-a súa fina atención e deséxolles boas festas e miles de venturanzas no ano que prestes comenará.

Seu devoto amigo
[E(uxenio) Carré]

[Carta manuscrita]

De Orense, a 29 de diciembre, de 1953.

Señor Don José M^a Alvarez Blázquez – En Vigo.

Mi querido amigo: Preciosa la "inocentada" del Cancionero de Monfero que acabo de recibir y leer, con extraordinario agrado, Por él se empareja Vd. con el conde de la Roca, probable autor del "Centón..." del fingido Br. Cibdá Real, o con Ministro Gil González Dávila, a quien se lo atribuye Adolfo de Castro; y también con el propio Castro, que se nos dió por "inventor", en el etimológico sentido del vocablo, del "Buscapié" –a quien llamó Ildelfonso Martínez Hernández "Buscarruido"–; y no digamos nada de aquellos caballeros guasones, que tan gentilmente se la jugaron, como sevillanos que eran, "del dos" y "de a puños" al buen marqués de Jerez de los Caballeros, y a su hermano el duque de [llexible] falsificando cierta imaginaria rimada historia local; y sin olvidar al eruditísimo poeta, contertiulio, como los anteriores, de los aristocráticos hermanos, y que desveló durante toda una noche, nada menos que al propio Menéndez y Pelayo, quien, al cabo, acabó por definir que el "Soneto" que se le había dado por copiado en un viejo cartapacio, no tenía más que unas cuantas lunas, o jornadas, de existencia y que debía de ser del que se decía su descubridor afortunado, según se confirmó después sin lugar a dudas, ya que el tal soneto era, además, acróstico de su novia, cosa en la que nadie había reparado. Todo esto que voy diciendo significa que he calibrado cuanto he podido la afiligranada labor de V., y lo mucho que agradezco su recuerdo, Porque no olvido tampoco lo que Quintana escribió apropósito del "Cantón Espistolario": –"Si es invención, todo lo que gana en mérito literario lo pierde en crédito como instrumento probatorio". Y este secundario mérito es lo que a usted y a mi menos nos importa, aunque supongo que siempre habrá alguno que "pique"; aunque usted le diga la verdad. Le felicito y doy gracias infinitas por el regalo. Mis saludos y gratitud también a Luís Viñas. ¡Feliz año!! Les abraza,

[Antonio Rey Soto]

[Carta mecanografada co timbre de Leandro Carré]

[A Coruña] 17 de xaneiro do 1954

Sr. D. José M^a Álvarez Blázquez
VIGO

Meu estimado amigo:

Vin na Academia o folleto "Cancioneiro de Monfero" editado por Monterrey. No colofón figura como data de impresión o 28 de nadal. Por outra parte o facsimil da decrarazón do frade "que o copiou" non parés escrito, pol-o tipo de letra, na época que aquela sinala.

Isto pode indicar que tal "Cancioneiro" é unha coña de inocentes; mais, penso eu, unha persoa seria e ben preparada como vostede ¿pode desprestixiar o seu nome c' unha broma de tan natureza? Porque, se o tal cancionero é falsificado para dar unha broma de inocentes ¿quen pode afirmar que o día de mañán non imite outra cousa calquera con outro ouxeto?

Demasiado seria paréceme a investigación e mail-o estudo das nosas cousas velhas, literarias, artísticas, históricas, etc. para que se bote por terra o noso prestixio con bromas e falsedades. Pensando así quixera que o seu "achádego" fose verdadeiro ¿Que me di vostede honradamente encol d' isto?

Se a cousa for seria e real, rógolle me envíe un exemplar do folleto, que, sendo apócrifo, me non interesa.

En esperas das súas novas, queda de vostede afectuosamente amigo
q.ll.e.a.m.

[Leandro Carré]

[Escrito a man por Xosé María Álvarez Blázquez]

Escrita ista carta, que se me demorou na mesa sin levar ao correo, recibo unha inelegante misiva de D. Leandro Carré –¿seu irmán?– onde non se recata de empregar verbas malsoantes e onde, entre outras lindezas, di: "Porque...

Este despaciado párrafo encerra tanta ruindade que me impide toda resposta, a non ser que devolvese insulto por insulto, cousa a que eu xamais accederéi.

Ben me decato que Vde. nada ten que ver con todo isto e lle pido perdón por molestralle de novo.

[Seu. (Xosé María Álvarez Blázquez)]

[Carta mecanograda con timbre de Leandro Carré]

[A Coruña] 31 de Xaneiro de 1954

Sr. D. Joxé M^a Alvarez Blazquez
VIGO

Meu estimado amigo:

Meu irmán Eugenio amostroume a carta que lle escribiu vostede, e vexo pol-o que da miña lle di, que me non comprende ou non soupen expresarme ben.

Volte a lêr o meu escrito e verá:

1º. Que cando vin o seu "Cancioneiro de Monfero" xulgueino real, o que nada ten de estrano porque é un traballo ben feito, e o achádego non o estimei cousa imposíbele.

2º. Que o teño a vostede por persoa seria e de valía nesa cras de investigazóns e estudos, o que contribuiu a que contribuíu a que o collera como auténtico.

3º. Que sospetéi se seria unha broma pol-o colofón e mais pol-a decrarazón do frade.

4º. Que consideraba un erro para vostede e o seu prestixio un chasco desa natureza, o que lamentaría por vostede a quen estimo.

Eu non me sinto molesto nin aldraxado persoalmente por un feito que me non atinxe en nada, pois nen sequer fun obsequiado coa inocentada. Nen inda que o fora noxaríame por unha broma. O único que non atopéi ben, a meu modo de vel-as cousas, é que se enrede co que para os galegos debe ser motivo de respecto pol-o que representa na nosa cultura, tan combatida por España adiante; mais esta diferenza de criterio non pode chegar ata o feito de insultar a ninguén, e menos a un amigo a quen estimo pol-os seus traballos. Eu non son dado a insultos nen aldraxes nin comprendo por qué dille vostede a meu irmán que para contestar a miña carta tería que responder aos meus insultos con insultos. Perdóolle a arroutada, froito quizais de que a miña carta, leial e sincera de verdadeiro amigo, despertou en sí o tempo ás consecuencias do mal paso que deu coa inocentada tan gabada por outros.

Unha proba da sinceridade da miña carta é que lle pedía me dixera se o achádego era certo ou non, e que desexaba que fose real; isto inda sospeitando que era unha broma.

Acougue o seu escrito e xa que tantos parabens recibiu pol-a sua inocentada, esqueza o desgusto que lle causóu a miña úneca opinión contraria; e teña a seguranza de que on quixen en maneira algunha molestalo senon a advertilo. ¿Como pode vostede considerarse insultado?

Agardo que saberá apreciar a miña boa fe, perdoar a rabecha que lle causei sen pretendelo, e me considerará no adiante deica agora como un amigo, un verdadeiro amigo q.ll.e.p.

[Leandro Carré]

[Carta mecanografada]

Vigo, 2 de Febreriro de 1954

Sr. Don Euxenio Carré – A Coruña

Meu estimado amigo:

Pídolle perdón pola demora en responder ás súas longas e espresivas cartas, de cuia sinceridade e verdadeiro senso amistoso ben me decato. O feito de que non pensemos da mesma maneira en cousa tan sutil e escorrediza coma ista, non pode endexamais querer dicir que a estima mútua corra o menor risco.

Coido, sinxelamente, que lle temos dado demasiada importancia ao tal “Cancioneiro”, cando a súa verdade está ben procamada por min por todos os medios posibles, a maus de deixalo escrito no mesmo folleto. Non lle pido o sacrificio de tornar a leer o prólogo, mais soio que matine nisto que alí digo: “Seguíde agora adiante e logo me diredes si o Cancioneiro de Monfero está ou non ben trocado”. Isto é: “si non é vero...”.

Pra a súa satisfacción direille que tiven hoxe carta do seu irmán D. Leandro, na que aclarara que a súa intención non foi ferirme. Lle contestei de seguida, correspondendo ca miña á súa amizade.

Non coido, meu amigo, que neste asunto estivese nunca en xogo nin a estimación que nos debemos uns aos outros, nin, moito menos, o sagro prestixio de Galicia, do que ninguén se debe coidar e mais celoso gardador. Porque o prudente será considerarse, iso sí, tanto como o que mais. Nise caso me atopo eu. Nin quero facer uso eiquí da verba noxo, porque me faría pouco favor a min mesmo. Gracias a Dios señan dadas, a intimidade do pensamento aínda é ceibe, e a ninguén pode ferir o que pensen lealmente os demais; o único que fire é a espresión intemperante, e Vde. está ben libre pra min de tal pecado.

Vde, comprenderá tamén que un xuízo adverso, aínda sendo valioso como seu, non tiña por qué me desquiciar no propio, cousa que infundadamente supón na súa derradeira o seu irmán, coidando que por non estar él acorde maxinei eu o que non decía. Nada de isto. Dito está na primeira carta que eu sería home de falsificar calquera outro obxecto (!!), mais tamén é certo que agora, na segunda, está desdito, e con isto me abonda.

Respeto as súas consideracións, aínda que non comungue con sospeitas, sutilezas e distingos, receos de porvir a tortas visións do presente, que

nel se manifestan. A súa opinión contraria ten pra mín todos os respetos, como os teñen as dos demais amigos, a quens faríamos pouco favor pensando que nos seus parabéns non foron tan sinceros como Vde. o soupo ser na súa leal censura. Trátase de amigos respetables a quenes estimo, e quero pensar que na mesma medida son estimado por eles. Non debo creer que falen por detrás o que non dixeron de cara. Esta torpedade sería impropia de eles e da amizade que me teñen. É cousa cativa, que non me cabe no corpo, confundir a louvanza ca adulación; nin son tan importante pra merescer a derradeira, nin tan pequeno que non poda ter dereito á primeira.

Correspondo “ex tota corde” ás súas protestas de amizade, e moito me alegra que iste pequeno incidente non teña a menor forza pra abalala.

Un saúdo cordial do seu sempre verdadeiro amigo,
[Sen sinatura. Xosé María Álvarez Blázquez. Engádese en letras de imprenta a frase “Las estatuas no hablan”]

[Carta mecanografada con timbre de Leandro Carré]

Vigo, 2 de Febreiro de 1954.

Distinguido amigo: Contesto á súa carta do 31 de xaneiro, recibida hoxe. Non hai cousa que mais me alede nista vida que comprobar que os meus xuízos adversos estaban trabucados. Sinto, pois, legría de que isto me acontecese agora con vostede, ao ver o párrafo da súa carta denanterior, que trasladei ao meu irmán, non tiña a mala intención que nel coidei atopar e que, de ser eisí, me impedía naturalmente a resposta. Foi polo que ve-xo algo impremeditado en Vde e que non tiña mala intención, como non tiña intención de facer escárneo de ninguén –e moito menos da nosa cultura– a miña invención literaria, paladinamente por min decretada no mesmo folleto e dempois por carta persoal a cantos de primeiras non se decataron dela. Non quero molestarlle facendo lista de invencións polo estilo, non todas ben intencionadas, que enchen a literatura universal. A súa cultura me dispensará delo.

Polo demais, ben sei que as opinións son libres, ao menos en materia literaria, e non son tan parvo nin de pouco xuízo que ao matinar e levar a cabo o meu exercicio amical, coidase que todos ían concordar na intención, a valorar xiquera o seu fondo significado de un modesto homenaxe a unha fala antiga que me é tan querida, nin aínda a celebrar o feito coma cousa non vista. Sin vanidade, sei tamén que o meu modesto nome literario non precisa de tales pra facerse valer no pouco que vala. Polo tanto, a súa opinión coma a do seu irmán D. Euxenio, teñen todos os meus respetos. como sei que teñen pra vostedes as dos demais, aos que faremos disfavor se pensamos que nos seus parabéns non foron tan sinceros como Vdes. nas súas censuras. Eu, ao menos non podo pensar eisí de amigos a quens quero e coido que me queren.

De todo corazón acepto as súas protestas de boa amizade –da que me foi dooroso dudar–, e a elas correspondo ca leal e aberta sinceridade que son norma da miña vida.

(Niste intre entréganme unha carta de Rodríguez Lapa, quen me tiña pedido notas do que os meus amigos dixeran do tan "Cancioneiro". Celebra –dime– que me teñan "perdoado a brincadeira". Quer isto decir, que somentes nose senso deberíase ter tomado a cousa, e agora xa sei que tamén Vde. terminou por se decatar da inocencia da miña inocentada).

Non foi arroutada miña o que escribín a seu irmán, pois tería de manterme no que dixen si o párrafo seu –que non quero tornar a transcribir– dixese no espírito no que di na letra. Acrarado que a súa intención non foi ferirme, ¿por qué o vou perdoar de aquilo que non cometeu?

Un cordial saúdo do seu amigo leal,
q.e.s.m.

[Sen sinatura. Xosé María Álvarez Blázquez]

[Tarxeta con texto a man e timbre de Sebastián Martínez-Risco y Macias. Maxistrado excedente. Avogado]

A Coruña 19-12-53

Agradézolle moi de veras o envío do 'Cancioneiro de Monfero', cuxa "invención" constitúe cumprida amostra da súa facultade creadora e do seu saber literario.

Cos mellores votos pra que teña feliz Nadal e Aninovo, saúdo.

[Tarxeta con texto manuscrito e timbre de Manuel Fernández Barreiro]

El Ferrol del Caudillo 28-XII-59

Muy agradecido por el ejemplar del 'Cancioneiro de Monfero' q. ham tenido la atención enviarme y que conservaré con gran estima, les saluda y les desea a sua vez muchas prosperidades en el nuevo año su afmo.

[Tarxeta de felicitación de Nadal con ilustración de Luís Seoane e unha décima de Fermín Bouza Brey]

A Xosé María Álvarez Blázquez atentamente da miña terra con desexos de boas festas e Aninovo
[Fermín Bouza Brey]

iNon fiquede de "inocente" pero é de moito gosto a inocentada! Felicidades por iso aos dous. 1953-54

[Tarxeta mecanografada sen timbre]

Madrid, 11 de enero de 1953

Con mi agradecimiento por su amable envío le transmito también mi felicitación por el magnífico descubrimiento y edición de ese "Cancioneiro de Monfero", que viene a completar las páginas líricas de la tradición medieval galaico portuguesa y a engrandecer el ingente tesoro de la Literatura Española. Si es que se trata de una muestra de lengua gallega y no, como sospecho, de leonés occidental. Reciba un cordial saludo y mis mejores deseos para el año entrante.

[Menéndez Pidal]

.....
Hai tamén tarxetas de felicitacións de Ramón Fernández Pousa –Director da Biblioteca Nacional–, Evaristo Correa Calderón e Marcelino Martínez Morás

Apéndice

“Caín coma un rulo, non sen desconfiar unha miga por mor dadta. É o pastiche millor feito que vin e lín na miña vida. Miña felicitación mais garimosa e cordial” **(F. López Cuevillas)**.

“No me he cansado de comentar como me pareció la suya la más ingeniosa y bien hecha inocentada de que nunca tuve noticia... En su alabanza debo confesar que no me di cuenta de ello hasta llegar al colofón” **(F. Cordero Carrete)**.

“Que sigades remexendo coa mesma sorte tantos papeis, pra gozo de todos e riqueza de Galicia” **(Dr. A. Beiras)**.

“... la gracia y el ingenio derrochados en la inofensiva impostura le exulpan por completo... Con ello no quiero decir que la propiedad de la imitación de usted no hubiese podido engañarme y cometer una verdadera plancha” **(Carlos Martínez Barbeito)**.

“... quero felicitarte moi sinceramente pola extraordinaria pericia con que soupeches darlle verosimilitude a tan orixinal, inxeniosa i espléndida idea. Coido que entre nós nunca se fixo unha cousa con tanta gracia...” **(Ramón Piñeiro)**.

“Preciosa la “inocentada” del ‘Cancionero de Monfero’, que acabo de recibir y leer con extraordinario agrado. Por él se empareja usted, con el conde de la Roca, probable autor del “Centón...” del fingido Bachiller Cibdá Real... Supongo que siempre habrá alguno que “pique”, aunque usted le diga la verdad. Le felicito y doy gracias infinitas...” **(Antonio Rey Soto)**.

“Para todos los amantes de nuestro pasado y de nuestras letras no han podido ofrecernos nada mejor” **(E. Duro Peña)**.

“... o moi felís achádego do escrito de Fr. Ramón Pazos, que foi dare en boas mans pola nosa fectura; escrito que vostedes, con moito acerto, califican de ‘Cancioeiro de Monfero’, e que ven re-

borar que a nosa Galicia foi no medievo –coma seguramente foi sempre– niño e fonte copiosa e ricaz de poetas...” **(Eugenio Carré)**.

“Miña noraboa mais sinceira polo inocente achádego do ‘Cancioeiro de Monfero’, nidia proba de que aínda hai na nosa terra bon humor, finura de esprito e trovadores capaces de emparexar as gorrias de Meendiño e Pero Meogo” **(Xosé Ramón y Fernández Oxea)**.

“¡Non piquei de “inocente”, pero é de moito gosto a inocentada” **(Fermín Bouza Brey)**.

“A cousa, en verdade, non pode estar mellor. ¿Quién non cai de primeira inteção? Ese “rematouse. día 28 de Nadal”, foi o moitovo de manterme de pé. Vín como algún poeta lírico picou. E isto xa é un grande éisito. Miña mais fervoada embora. ¡Moi ben, pero que moi ben!” **(Xesús Carro)**.

“Moitas gracias pola fermosísima felicitación que me remiten...” **(Evaristo Correa Calderón)**.

“Agradézolle moi de veras o envío do ‘Cancioeiro de Monfero’, cuia “invención” constitue comprida amostra da sua facultade de creador e de seu saber literario” **(Sebastián Martínez Risco)**.

“Formulo votos sinceros por leer muy pronto en su integridad tan sensacional descubrimiento para Galicia y España, y poder estudiarlo cuidadosamente, como merece” **(Ramón Fernández Pousa)**.

“Moitas gracias polo Cancioeiro. ¡Vaites, vaites! Necesito outro exemplar” **(D. García Sabel)**.

“Que o Aninovo che traiga de verdade un achado como o que a inocenta pide... Todo o mereces” **(J. Filgueira Valverde)**.

“... es trovas tan ben trovadas do ‘Cancioeiro de Monfero’, felís achádego da tua pescudante fantasía” **(M. Beiras García)**.

“Es, desde luego, una de las inocentadas más hermosas que he visto... pues ha conseguido inventar y repetir de cor versos aínda non descubertos tan magníficamente escritos... creo que no se puede llegar en la invención de lo antiguo a nada tan hermoso como lo que usted ha logrado...” **(Mario Blanco Fuentes)**.

“Quedan veintiuna (cantigas), que bien distribuidas pueden alcanzar para las líricas inocentadas de los tres años próximos. Esperamos recibir esas “graziosas sentenzias y rimas” que aún nos faltan, para apreciar en su conjunto la deliciosa forma con que penetró en el esepiritu y en la esencia poética de los cancioneros su admirable selector, capaz de componer –seis siglos después– cantigas merecedoras de llevar las firmas de Martín Códax o de Bernardo de Bonaval” **(Borrobó, en ‘La Noche’)**.

Notas: aos enganados desenganados; uns contestaron –Cuevillas, Martínez Barbeito, Blanco Fuentes–, nos termos que se ve; outros –Fernández Pousa– aínda no “respiraron”. O segredo de se ter decatado do “engano” moita xente o foi artigo de Borrobó, dempois de unha longa sesión, en que uns opinaban que sí e outros que non (servicio segredo de Monterrey). En xeral, a acollida foi tan ba, que se resume niste xuízo, o mais autorizado de todos:

“O Cancioeiro” e uma brincadeira inocente e bem fornada; mais receio que possa induzir em erro mais de um estudioso que não tenha capacidade filológica para distinguir o falso do verdadeiro...” **(Prof. Rodrigues Lapa)**

Este texto aparece dentro do mazo de cartas que orixinou o ‘Cancioeiro de Monfero’ e, segundo Xosé María Álvarez Cáccamo, conformarían un conxunto de testemuños e reaccións que Rodrigues Lapa lle mandara enviarlle a Álvarez Blázquez para coñecer as reaccións que a inocentada provocara entre os estudiosos galegos, boa parte dos cales el coñecía ou trataba.